

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA

Aprobado polo Padroado o 13 de febreiro de 2015

Art. 1.- Obxecto.....	3
Goberno e administración da Fundación	3
Art. 2.- O padroado	3
Art. 3.- Nomeamento de patróns	4
Art. 4.- Patróns representantes de persoas xurídicas.....	4
Art. 5.- Representación dos patróns.....	5
Art. 6.- Reunións do padroado	6
Art. 7.- Adopción de acordos.....	6
Art. 8.- Actas das reunións	7
Art. 9.- Presidente, vicepresidente, secretario e tesoureiro	8
Art. 10.- Comisión executiva	8
Art. 11.- Administración e dirección.....	9
Funcionamiento da Fundación.....	9
Art. 12.- Actuacións da Fundación	9
Art. 13.- Beneficiarios e usuarios da Fundación	10
Art. 14.- Colaboradores da Fundación	10
Reforma e entrada en vigor do Regulamento.....	11
Art. 15.- Reforma do Regulamento.....	11
Art. 16.- Entrada en vigor	11

Artigo 1. Obxecto

1. A Fundación Down Compostela someterá a súa organización e funcionamento ao presente regulamento de réxime interno, ademais dos seus Estatutos e á lexislación vixente.
2. O padroado da Fundación Down Compostela adopta este regulamento en uso da competencia que lle atribúe o artigo 22.2.k) dos Estatutos da Fundación.

Goberno e administración da Fundación

Artigo 2. O padroado

1. De conformidade cos Estatutos da Fundación Down Compostela, o padroado é o máximo órgano de goberno, representación e administración. A súa composición, competencias e elección rexeranse polos Estatutos e a lei, así como polo disposto neste regulamento.
2. Os patróns acadan esta condición, e terán voz e voto no padroado, unha vez acepten o cargo logo de seren nomeados ou renovados polo padroado, de conformidade co disposto nos artigos 14 e 15 dos Estatutos da Fundación.
3. A fin de integrar a composición orixinal do padroado na escritura fundacional co disposto no artigo 12 dos Estatutos da Fundación sobre o número mínimo de patróns¹, entenderase que os membros do padroado que representan a persoas xurídicas son patróns como persoas físicas designadas por aquelas. En consecuencia, as persoas xurídicas representadas no padroado poderán designar como membros a persoas distintas dos seus representantes legais.
4. Sen prexuízo do anterior, os membros do padroado en representación de persoas xurídicas cesarán como membros cando sexa revogada a súa designación por aquelas. Aos efectos do disposto no artigo 16 d) dos Estatutos da Fundación sobre o cesamento dos patróns,² entenderase que un patrón representante dunha persoa xurídica cesa no cargo por razón do cal foi nomeado patrón cando dita persoa xurídica revoga a designación ou designa outra persoa para representala no padroado.

¹ Mínimo de sete e máximo de vinte, cando as persoas xurídicas representadas son catro (Asociación, Universidade, Concello, Cámara).

² Os patróns cesan ... d) “Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do Padroado”.

Artigo 3. Nomeamento de patróns

1. O padroado poderá nomear novos patróns en calquera momento, cos límites e requisitos que sexan aplicables. En todo caso, as propostas de renovación ou substitución de patróns representantes de persoas xurídicas que estas formulen serán sometidas ao padroado na primeira reunión que se convoque unha vez recibidas.
2. As propostas de renovación de patróns someteranse á consideración do padroado antes de rematar a duración do seu mandato. Se non fose posible reunir o padroado antes do remate deste período, presumirase a renovación ata o momento en que poida decidir sobre ela. En todo caso, de conformidade co artigo 13 dos Estatutos, os patróns representantes de persoas xurídicas manterán a súa condición en tanto non perdan a dita representación por acordo do órgano competente para substituílos, se non concorren outras causas de cesamento.
3. As decisións sobre incorporación de patróns requiren a maioría absoluta do padroado.³ A estes efectos, as decisións por asentimento e a aplicación das presuncións previstas nos artigos 14 e 15 requirirán a presenza da maioría absoluta dos membros.

Artigo 4. Patróns representantes de persoas xurídicas

1. A dotación mínima do 60% dos patróns que o artigo 12 dos Estatutos da Fundación reserva aos representantes da Asociación Síndrome de Down de Compostela levarase a cabo mediante o nomeamento como patróns, ou renovación cando proceda, das persoas que aos efectos designen os órganos competentes da dita Asociación, no número axeitado ás vacantes que se produzan. Con este fin, seguiranse as seguintes regras:
 - a) Cando sexa necesario cubrir ou renovar algún destes representantes o presidente da Fundación reclamará da citada Asociación que os designe e comunique dita designación mediante certificado do seu secretario.
 - b) Na reunión do padroado na que se someta a aprobación a incorporación dos novos patróns, o presidente da Fundación dará conta da proposta da Asociación e se non hai obxeccións dita proposta terase por aprobada.
 - c) Se houber obxeccións e algunhas das propostas non acadasen a aprobación suficiente, o presidente da Fundación dará conta delo á Asociación para que decida sobre a ratificación ou modificación da proposta, e unha vez recibida esta decisión someterase de novo ao padroado. Non obstante, unha vez cumprido o período para o que foron designados, os membros do padroado en representación da Asociación en ningún caso poderán obstaculizar o nomeamento dos novos representantes que aquela designe.

³ Art, 14 dos Estatutos.

- d) No caso de que rematase a duración do mandato dalgún representante da Asociación sen que esta se pronunciase sobre a súa renovación ou substitución, entenderase que prorroga o seu mandato en tanto non comunica outra cousa.
2. O nomeamento e renovación de patróns que representen a persoas xurídicas distintas da Asociación Síndrome de Down de Compostela terá en conta as persoas que aos efectos designen os seus órganos competentes, no número axeitado ás vacantes que se produzan. Con este fin, seguirán as seguintes regras:
- a) Cando sexa necesario cubrir ou renovar algún destes representantes o presidente da Fundación reclamará da entidade correspondente que os designe e comunique dita designación mediante certificado do seu secretario.
 - b) Na reunión do padroado na que se someta a aprobación a incorporación dos novos patróns, o presidente da Fundación dará conta da proposta da entidade e se non hai obxeccións dita proposta terase por aprobada.
 - c) Se houberse obxeccións e algunhas das propostas non acadasen a aprobación suficiente, o presidente da Fundación dará conta delo á entidade para que decida sobre a ratificación ou modificación da proposta, e unha vez recibida esta decisión someterase de novo ao padroado. Non obstante, unha vez cumprido o período para o que foron designados, os membros do padroado en representación da dita entidade en ningún caso poderán obstaculizar o nomeamento dos novos representantes que aquela designe.
 - d) No caso de que rematase a duración do mandato dalgún representante da entidade sen que esta se pronunciase sobre a súa renovación ou substitución, entenderase que prorroga o seu mandato en tanto no comunica outra cousa

Artigo 5. Representacións dos patróns

1. O cargo de membro do padroado que recaia nunha persoa física deberá ser exercido persoalmente. Non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro membro do padroado designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e deberase axustar ás instrucións que, de ser o caso, o representado formule por escrito.⁴ Os patróns que desexen actuar por representación deberán comunicar ao presidente da fundación os motivos e as condicións nas que esta terá lugar, incluídas a súa duración e o nome da persoa designada para exercela.
2. No suposto de que o membro do padroado o sexa por razón do cargo que ocupe, poderá actuar no seu nome a persoa á que legalmente lle corresponda a súa substitución.⁵ A estes efectos, os patróns representantes de persoas xurídicas designados por razón do cargo que ocupan poderán actuar por medio das persoas que lles substitúan nas ditas funcións cando por ausencia ou enfermidade non poidan exercelas.

⁴ Art. 17 da Ley de Fundaciones de Interese Galego (2006)

⁵ Art. 17 da Ley de Fundaciones de Interese Galego (2006)

Artigo 6. Reunións do padroado

1. O padroado reunirse polo menos dúas veces ao ano, segundo o disposto nos Estatutos da Fundación.
2. As reunións do padroado serán convocadas a iniciativa do presidente, coa orde do día que este dispoña.
3. Así mesmo convocarse reunión do padroado por petición das dúas terceiras partes dos membros. A petición dirixirse por escrito ao presidente coa sinatura dos propoñentes e indicará o punto ou puntos que deberán ser tratados na reunión. Recibida a petición, o presidente convocará a reunión para que se celebre no prazo máximo dun mes, agás que a solicitude propoña unha data posterior. A orde do día da reunión incluírá os puntos solicitados, así como calquera outros que o presidente inclúa para seren tratados logo dos solicitados. No caso de que o presidente non convoque a reunión no prazo debido, farao o secretario a proposta dos solicitantes, unha vez comprobados os requisitos da petición.
4. A convocatoria faráselle chegar aos membros cun mínimo de nove días de anticipación á data da reunión, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela farase constar o lugar, día e hora de celebración da reunión, e achegará a orde do día.⁶ Coa convocatoria achegaranse así mesmo, ou poranse a disposición dos membros, os documentos que serán sometidos a aprobación. Tanto a convocatoria como o envío de documentación farase preferentemente por medios electrónicos.
5. Cando estean presentes todos os patróns e así o acorden unanimemente, poderán reunirse coa orde do día que decidan ou incorporar novos puntos á reunión que estivesen celebrando.
6. As reunións do padroado celebraranse preferentemente na sede da Fundación coa presenza dos patróns ou dos seus representantes legais.
7. Cando as circunstancias o aconsellen, o presidente poderá aceptar a asistencia ás reunións mediante videoconferencia ou outros medios técnicos dispoñibles que permitan identificar fidedignamente aos participantes e fagan posible a deliberación.

⁶ Art. 23 dos Estatutos.

Artigo 7. Adopción de acordos

1. As reunións do padroado entenderanse validamente constituídas cando concorran a elas, presentes ou representados, na forma legalmente establecida, polo menos a metade máis un dos seus membros.⁷
2. O padroado adoptará os acordos por maioría dos asistentes, agás cando este regulamento ou unha norma superior requira outra cousa. De conformidade co artigo 17 do Regulamento de Fundacións de Interese Galego, requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros para aprobar acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión e á extinción da fundación.
3. Os acordos poderán adoptarse por asentimento ou por votación, que será segreda se así o solicita a maioría dos asistentes. Cando ningún patrón se opoña ao acordo, constará que se adopta por unanimidade. En caso de empate será dirimente o voto da presidencia.
4. O resultado das votacións constará na acta da reunión, con expresión do número de votos emitidos a favor e en contra das propostas, así como as abstencións se as houberse. Na acta poderá figurar a identificación dos membros que votaron a favor e en contra das propostas, se o secretario o considera oportuno, e en todo caso a do voto dos patróns que o soliciten.
5. Os patróns que se incorporen a unha reunión do padroado na que xa se tomou validamente un acordo poderán sumarse ou opoñerse a este, e así constará na acta, pero a súa posición non alterará o acordo xa tomado. Non obstante, se houberse unha oposición manifesta dos patróns presentes a un acordo adoptado na sesión, o presidente poderá sometelo de novo a debate e aprobación do padroado.
6. Os patróns poderán deixar constancia da súa conformidade cun acordo adoptado nunha reunión á que non asistiron asinándoo con posterioridade; e esta conformidade poderá quedar reflectida nunha dilixencia na acta da sesión. No caso de que queiran que conste a súa desconformidade o manifestarán na seguinte reunión do padroado e recollerase na acta desta.

⁷ Art. 24.1 dos Estatutos.

Artigo 8. Actas das reunións

1. O secretario levantará acta das reunións do padroado, e o presidente as someterá a aprobación na mesma reunión ou na seguinte ordinaria que se celebre. As actas aprobadas levarán o visto e praxe do presidente e incorporarán unha dilixencia do secretario indicando a data da súa aprobación.
2. O padroado poderá aprobar as actas parcialmente, cando non sexa posible a súa aprobación completa por faltar algún documento ou dato. Tamén poderá aprobar as actas nunha redacción provisional designando a dous membros do padroado distintos do presidente e do secretario para que verifiquen que a redacción definitiva reflicte o contido da reunión.
3. O secretario custodiará as actas aprobadas e certificará o seu contido cando corresponda.
4. Os patróns poderán esixir do secretario certificación dos acordos do padroado. Se polo volume ou complexidade da documentación a certificación é moi custosa, o presidente poderá reclamar o seu custo ao solicitante antes de que o secretario a emita.

Artigo 9. Presidente, vicepresidente, secretario e tesoureiro

1. O presidente da Fundación exerce a súa representación e dirixe o seu funcionamento ordinario.
2. O vicepresidente, ou vicepresidentes, da Fundación asumirá as funcións do presidente cando este así o dispoña ou non poida exercelas por ausencia, enfermidade ou conflito de intereses.
3. O secretario terá as funcións que lle atribúen os Estatutos da Fundación, así como calquera outras que lles encomenden o presidente ou o padroado. En caso de ausencia, enfermidade ou conflito de intereses será substituído polo vicesecretario que aos efectos nomee o padroado; ou, se fose necesario, polo patrón que o presidente designe.
4. O padroado poderá nomear de entre os seus membros un tesoureiro para supervisar as contas e a actividade económica da Fundación, coas competencias que lle atribúen os Estatutos e lle encomenden o padroado ou o presidente.

Artigo 10. Comisión executiva

1. O padroado designará no seu seo unha comisión executiva composta polo presidente, o vicepresidente ou vicepresidentes, o secretario e o vicesecretario e o tesoureiro, que asesorará ao presidente no goberno ordinario da Fundación cando así o requira.⁸

⁸ Art. 22.3 dos Estatutos.

2. A comisión executiva terá as funcións que lle encomenda este regulamento e as que lle delegue o padroado, que poderán ser todas as que lle corresponden a este agás a aprobación das contas anuais e do plan de actuación; a formulación de orzamentos; a modificación dos Estatutos; o acordo de fusión, extinción ou liquidación da fundación e calquera outro acto que precise a autorización ou aprobación do protectorado.⁹ A delegación de facultade do padroado deberá inscribirse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.¹⁰ O padroado poderá revogar ou modificar esta delegación de competencias en calquera momento.
3. O padroado e o presidente poderán atribuírle á comisión executiva funcións específicas, sen renunciar en ningún caso ás que legalmente lle corresponden en exclusiva.

Artigo 11. Administración e dirección

1. No exercicio das súas competencias executivas, o presidente poderá apoiarse nunha estrutura directiva, coa composición e atribucións que considere máis axeitada. Da creación e dotación destes postos directivos deberá darse conta ao padroado.
2. Poderán formar parte da estrutura directiva da Fundación os seguintes postos, entre outros:
 - a) Dirección de actividades e programas.
 - b) Xerencia.
 - c) Administración económica
3. O padroado poderá encargar o exercicio da xestión ordinaria ou administrativa das súas actividades a unha persoa física ou xurídica con solvencia técnica acreditada, dentro dos límites establecidos pola lei e coa remuneración axustada ás funcións desempeñadas.
4. Os membros da dirección, xerencia e da administración da Fundación poderán ser invitados polo presidente a asistir ás reunións do padroado ou da comisión executiva, con voz e sen voto.

⁹ Art. 22.2.f dos Estatutos.

¹⁰ Art. 19.4 do Regulamento de FIG (2009).

Funcionamento da Fundación

Artigo 12. Actuacións da Fundación

1. O persoal e os órganos directivos e de xestión da Fundación Down Compostela, no marco das súas respectivas responsabilidades, velarán polo cumprimento dos fins fundacionais e pola promoción dos valores e principios da Fundación en todas as actuacións desta.
2. Solicitarase do persoal e usuarios da Fundación, así como das entidades públicas e privadas coas que se relacione, información e opinións acerca do seu funcionamento e posibilidades de mellora, co fin de deseñar actuacións encamiñadas a facela efectiva. A estes efectos, estableceranse enquisas de satisfacción periódicas e os resultados e propostas daranse a coñecer ao padroado para a súa avaliación.

Artigo 13. Beneficiarios e usuarios da Fundación

1. A Fundación Down Compostela dirixirá as súas actuacións especialmente ás persoas con Síndrome de Down ou discapacidade intelectual, e familiares, que manifesten o seu interese en participar nelas. Para elo establecerá un rexistro de usuarios, de conformidade coa normativa de protección de datos de carácter persoal. Se fose preciso limitar o número de beneficiarios por razón de calidade do servizo ou de recursos dispoñibles, apreciadas polo Padroado, este establecerá criterios imparciais de admisión dando prioridade ás persoas con Síndrome de Down¹¹.
2. Non obstante o anterior, a Fundación poderá realizar actividades abertas a persoas non rexistradas como usuarios para difundir e promover os seus principios ou colaborar con outras entidades.
3. A condición de usuario rexistrado poderá condicionarse ao pago dunha cota periódica, que será establecida polo padroado. O padroado poderá eximir ou suspender o pago de dita cota cando ao seu xuízo concorran causas económicas ou de outro tipo que xustifiquen a excepción.
4. A participación dos usuarios e outras persoas nas actividades da fundación e a obtención dos seus servizos poderá estar suxeita a un prezo ou contribución económica, que será fixada polo presidente, oída a comisión executiva, e comunicada ao padroado, que poderá modificalo.

¹¹ Art. 10 dos Estatutos

Artigo 14. Colaboradores da Fundación

1. A Fundación Down Compostela favorecerá a colaboración coas súas metas e actividades de todas as persoas físicas e xurídicas que o desexen. Con este fin tratará de involucrar a persoas físicas e xurídicas como colaboradores estables da Fundación, para que contribúan economicamente ou de calquera outro modo aos fins da Fundación.
2. A decisión sobre as altas e baixas de colaboradores corresponderalle ao presidente, que cando o precise a consultará coa comisión executiva ou a someterá ao padroado.
3. A Fundación levará un rexistro de colaboradores e asociados, de conformidade coa normativa de protección de datos de carácter persoal.
4. A relación de colaboradores, así como as súas contribucións, será comunicada anualmente ao padroado.

Reforma e entrada en vigor do Regulamento

Artigo 15. Reforma do Regulamento

O presente regulamento poderá ser reformado pola maioría do padroado a proposta de calquera dos seus membros, nunha reunión convocada cun punto da orde do día ao efecto. A proposta farase por escrito co texto da modificación suxerida e a súa motivación, e acompañarase á convocatoria da reunión.

Artigo 16. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor en canto sexa aprobado polo padroado e resulte aprobada a acta da reunión correspondente.